



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Elevación a definitiva da proposta do tribunal para o nomeamento de enxeñeiro/a industrial

ANUNCIO

ELEVAR A DEFINITIVA A PROPOSTA DE NOMEAMENTO EFECTUADA O 16/12/2025 POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ENXEÑEIRA/O INDUSTRIAL DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA

Por resolución núm. 2629 da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior de data 26 de decembro de 2025, resolveuse o seguinte que en extracto di:

“PRIMEIRO.- Elevar a definitiva a proposta de nomeamento efectuada o 16/12/2025 polo tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de enxeñeira/o industrial de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira (SEFYCU 6412685):

“Proposta de nomeamento no proceso selectivo dunha praza de enxeñeiro industrial funcionario/a de carreira do Concello de Culleredo (OEP 2020) do aspirante con maior puntuación no proceso selectivo:

1º. Iván Rumbo Ramos (14.80 pto)s”

SEGUNDO.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

TERCEIRO.- De acordo ca base 8.1 da convocatoria o candidato proposto deberá presentar no prazo de vinte días naturais contados dende o día seguinte á publicación da proposta de nomeamento no BOP, a documentación requirida na base 9.1 das Bases xerais para a selección de persoal funcionario de carreira e de persoal laboral fixo (BOP núm. 65 do 5 de abril de 2017).

De acordo co disposto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, pode interpoñer recurso de alzada, no prazo dun mes ante o órgano superior xerárquico do que o ditou. Transcorridos tres meses desde a interposición do recurso sen que recaese resolución poderase entender desestimado o recurso.

Todo iso, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Culleredo, 29 de decembro de 2025

A concelleira delegada de Cohesión Social,

Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

PD. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

2025/8710